


## Ruta do Carballal de Coiro

O Carballal de Coiro, en Cangas, representa a máis importante masa de bosque autóctono da costa sur de Galicia.

Esta rota levaranos a percorrer os máis fermosos lugares do Carballal e Fraga de Coiro, e a subir ás zonas altas, desde onde poderemos disfrutar de excelentes vistas da comarca e das rías.

Mapa do percorrido



## Ruta do Carballal de Coiro

A rota completa (R. C.) é circular con comezo e remate no Igrexario de Coiro. Compre dispoñer do día enteiro.

Hai variantes para facer en medio día: a rota A (R. A.) e a rota B (R.B.)

Rota	Lonxitudes e tempos aproximados
RA	5 Km. 2 horas
RB	6,5 Km. 3,5 horas
RC	8,5 Km. 5horas

## Altitudes



Igrexario de Coiro, 120 m



Ermelo (poboación) 360 m.

Miradoiro de Ermelo 400 m.


## Ruta do Carballal de Coiro

Cruz do Xestoso 445 m.



## Ruta do Carballal de Coiro

- » Levar calzado para auga e pantalón longo por causa do mato espiñento.
- » Non perder de vista ningún membro do grupo, pódese perder.
- » Aínda que evidente para calquera que disfruta en contacto coa natureza, nunca está de máis lembrar que co noso comportamento non debemos alteirar o silencio do bosque, as plantas e animais, os cultivos, ..., e se podemos deixalo todo máis limpo do que estaba, mellor para todos.



## Ruta do Carballal de Coiro

1.-Igrexario de Coiro. Igrexa barroca de 1784. Casa rectoral anexa. Sae o camiño por detrás da igrexa. Sobe entre casas. Fonte e lavadoiro, á dereita.

2-Deixar á esquerda camiño a casas. Seguir de fronte, camiño que sobe. Lugar afectado polo proxecto dunha vía rápida.



3.-Depósito de auga. Deixar á dereita. Nada máis superar o depósito, deixar o camiño que sobe. Coller por un sendeiro que sae á esquerda. Por el adentrámonos na fraga, pasando por diversas instalacións de captación de augas, algunhas moi antigas. Árbores: carballos, castiñeiros, acacias, falsas acacias, loureiros, piñeiros, eucaliptos, ..



4.-Pasado o río, o camiño afea e baixa. Observaremos a notábel diferenca que existe entre o bosque autóctono

## Ruta do Carballal de Coiro

que deixamos atrás, e este monte repoboado de eucaliptos. Hai que seguir sempre as marcas de rodas de tractor.

5.-Ao divisar diante do camiño un grupo de casas, O Carballal, cen metros antes de chegar ás primeiras, tomaremos un camiño que sobe pola dereita. Sae en ángulo contrario, non se ve facilmente. (Se o pasamos poderemos subir entre as casas: baixar pista asfaltada. Na casa nº 8, carreiro á dereita. Na casa nº 34, subir á dereita. (Saír por carreiro angosto entre viñedos).

6.-Área de repouso "Os Lagos". A 20 m. do final do camiño, fonte, estanque e mesas. Lugar afectado polo proxecto dunha vía rápida.

Sairemos polo camiño que sae por detrás da fonte, á dereita. Seguir camiño principal sen tomar camiño que baixa.



7.-'A Coviña'. Fonte, estanque, repoboación de bosque autóctono. Continuamos polo mesmo camiño. Vai subindo e rodeando zonas de repoboación da Xunta de Montes dos Veciños de Coiro.

8.-Curva pechada á esquerda. Seguimos subindo pola pista ata chegar a outra máis ancha. Aí tomaremos á dereita.



## Ruta do Carballal de Coiro

9.-Fervenza do Río Bouzós. Neste punto colleremos río arriba para facer a [R. C.](#) e a [R. B.](#) Continuaremos a pista para facer a [R. A.](#) En calquera caso, val a pena disfrutar do entorno do río neste lugar.



10.-Subimos pola esquerda do río. Nunhas árbores caídas, cruzamos á dereita. Nalgún tramo, camiño e río comparten percorrido. Ao atopar de fronte un grande ameneiro de tres troncos, cruzamos á esquerda e subimos, deixando xa o río. Seguimos este camiño que deixa veigas á dereita e monte á esquerda



11.-Cruce de camiños. Pola dereita, [R. B.](#) : seguir sen desvíos ata Área de Repouso "Pouso das Cruces". Pola esquerda, [R. C.](#) : subida a Ermelo. Non desviarse ata chegar á pista asfaltada e disfrutar deste tramo de camiño, unha das poucas reliquias que foron respectadas polas escavadoras onde podemos imaxinar, ¿quizais escoitar?, os vellos carros de bois laiando da súa pesada carga. Nas primeiras casas, camiño que baixa á dereita, á fonte.

[Continúa o percorrido.....](#)

## Ruta do Carballal de Coiro



Non deixaremos Ermelo sen disfrutar da vista do Mirador da Esculca. Nun día claro, quedaremos abraiados ante a vista, que abarca desde o Cabo Silleiro ata o Cabo Fisterra.



12.-Para seguir a rota voltaremos á fonte. Por pista asfaltada, 200 m., pasada a curva, tomar camiño á dereita. Non é fácil de explicar o camiño por aquí. Hai varios cruces e algúns camiños anegados de auga. Hai que ir subindo e gañando á dereita. Podemos seguir marcas de bicicletas. Chegaremos a unha chan, no alto, sen arborado. Buscaremos unha antena cara ó sur. Ó lado unha cruz de madeira.



13.-Miradoiro da Cruz de Xestoso. Ampla panorámica do Val de Moaña e da Ría de Vigo.Desde aquí comezamos a baixar por unha pista ancha.




## Ruta do Carballal de Coiro

14.-"Pouso das Cruces". Área de repouso en que conflúen a [R. B.](#) e a [R. C.](#) Segue o camiño baixando pola pista ancha.



15.-Fonte. Seguimos pista ancha pola dereita. A pouco de aquí, poderemos saír á dereita a un grande penedo: a "Pena de Coiro".



16.-Cruce de tres pistas anchas. Aquí conflúen a [R. A.](#) e a [R. C.](#) Seguindo a pista que baixa, chegaremos á Área de Espiñeiro: fonte, mesas, repoboación de bosque autóctono. 50 m. máis abaixo, lugar afectado polo proxecto dunha [vía rápida](#).

17.-Na curva anterior a Espiñeiro, nun claro, sae o sendeiro de baixada. Por este e máis abaixo, atoparemos un desvío á esquerda que non tomaremos. Chegamos ó depósito. Desandamos o camiño inicial ata o Igrexario.

# Índice

A ruta.....	1
Alternativas.....	2
Consellos.....	4
Percorrido.....	5
Continuación.....	8

